



cantamos!

XOVES 21 DECEMBRO 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Javier Fajardo, director

Orfeón Terra a Nosa

Luís Martínez, director do coro.

CONVERSANDO CON...

Javier Fajardo

Sala Mozart, 19:45 h

fiando historias

MIGRACIONES

PROGRAMA

Coros participativos:

Solo Voces (Lugo)

Harmonía Stellae (Santiago de Compostela)

Coro de Cámara Thalassa (Marín)

Coral Polifónica de Salcedo (Pontevedra)

Coro do Hospital de Lugo (Lugo)

Coro de Fingoi (Lugo)

Coro de adultos da Escola Municipal de Música
(Santiago de Compostela)

Coro Asubío (Santiago de Compostela)

Orfeón Lucense (Lugo)

LUDWIG VAN BEETHOVEN (1770-1827)

Abertura de Fidelio

JUAN MONTES (1840-1899)

Misa na honra do Apóstolo Santiago (arr. Joam Trilho)

Kyrie

Gloria

Credo

Sanctus

Benedictus, tacet

Agnus Dei

JUAN DURÁN (1960)

Merry Christmas Beethoven

Duración aproximada do concerto: 60 minutos (sen pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde xaneiro de 2023, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

DIRECTOR

Javier Fajado

DIRECTOR DO CORO

Luis Martínez

DRA. ADX. DO CORO

Aida M. Carrera

VIOLÍNS I

Adriana Winkler

(concertino)

Ildiko Oltai (axuda de concertino)

Victoria Jurov **

Anna Alexandrova

Ilya Fisher

Daniel Kordubaylo

Michal Ryczel

Yulia Petrushevskaya

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *

Nikolay Velikov **

Helena Sengelow

Kiyoko Ohashi

Enrique Roca

Samira Ajkic

Elina Viksne

VIOLAS

Ionela Ciobotaru *

Ignacio Marino **

Oxana Bakulina

Timur Sadykov

Anne Schlossmacher

Iriana Fernández

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *

Barbara Switalska **

Álvaro Peregrina

Thomas Piel

Carlos García

Manuel Lorenzo

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *

Alfonso Morán **

Amador Del Pozo

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *

Luis Soto *

ÓBOES

Christina Dominik *

Esther Viúdez **

CLARINETES

Vicente López *

Bernardino Assunção (R)

FAGOTES

Juan Carlos Otero *

Manuel Veiga **

TROMPAS

Alfredo Varela *

Xavier Ramón **

Jordi Ortega *

Ismael Vidal (R)

TROMPETAS

Javier Simó *

Ramón Llåtser **

TROMBONES

Arturo Centelles (R)

Juan Luis Novo (R)

Marcos Dorado (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

*principal | **coprincipal | (R) reforzo

BIOGRAFÍAS

Javier Fajardo

Director

Nado en Viveiro, Javier Fajardo é actualmente o director artístico da Joven Orquesta y Coro de la Universidad de Valladolid e o director musical asociado do Coro da Orquesta Sinfónica de Galicia.

Malia a súa xuventude, a súa formación académica baseada en estudos de clarinete, piano, canto, composición e dirección, lévao a obter os títulos superiores de composición e dirección. No terreo da dirección coral perfecciona os seus estudos cos mestres Gary Graden, Frieder Bernius, Simon Halsey ou Gijs Leenars e no campo da dirección orquestral considera fundamental os inicios xunto a figuras como Andrés Salado ou Miguel Romea e que posteriormente completou con maestros como Nicholas Pasquet, Johannes Schlaefli, Rodolfo Fischer ou Mark Heron entre outros.

Na actualidade, a súa actividade artística céntrase na súa faceta como director e isto levouno a realizar concertos internacionais con formacións como o Kammerchor Stuttgart, a Klassische Philharmonie

Stuttgart ou o Rundfunkchor Berlin, concertos pedagóxicos como A Operiña enmarcada no Festival Bal y Gay 2022; así como tamén foi convidado por entidades nacionais como o Teatro Calderón de Valladolid para a preparación da ópera *Le martyre du Saint Sebastien* xunto á formación La Fura dels Baus e a Orquesta Sinfónica de Castilla y León, o Cor de Cambra do Palau de la Música Catalana ou o Coro da OSG co que recentemente gravou a versión francesa de *Orfeo e Euridice*, *O Mesías* de Haendel. Realizou a última xira que o Coro realizou por algunhas cidades galegas e estreou a misa de *'Requiem en memoria de Luis Camoes'* de Joao Domingos Bomtempo xunto á Sinfónica de Galicia.

Coro Orfeón Terra a Nosa

O Orfeón Terra a Nosa, de Santiago de Compostela, foi fundado en 1966 polo franciscano Manuel Feijóo (1926-1992). En 1984 asumiu a súa dirección Miro Moreira. O actual director Luís Martínez, alumno do mestre Moreira, é membro da agrupación desde 1996.

En 1992 foille concedido —por unanimidade— o Premio da Crítica Galega en recoñecemento á súa rigorosa carreira musical. En 1994 o Concello de Santiago de Compostela outorgoulle a medalla de prata ao mérito artístico da cidade. Entre os galardóns obtidos destacan os primeiros premios de polifonía (1974, 1980) no Festival de Torrevejeja.

O Orfeón colabora na interpretación do repertorio sinfónico coral e ópera con orquestras como a Xoven Orquestra de Galicia, Orquestra Sinfónica de Galicia, Real Filharmonía de Galicia, Orquestra Sinfónica de Castilla y León, Collegium Musicum Prague, Orquestra Sinfónica de Brno, Le Baroque Nomade... entre outras, baixo a batuta de mestres da talla de Alberto Zedda, Edmon Colomer, Víctor Pablo Pérez, Paul Daniel, Antoni Ros

Marbá, Massimo Spadano, William Lacey, Jacques Kantorow, Maximino Zumalave, Joam Trillo, Oliver Von Dohnanyi, Lorenzo Ramos, Jesús López Cobos, Kemal Kahn, Jean Cristophe Frisch ou Michel Piquemal...

Ademais de ter actuado en numerosas ocasións por toda a Península Ibérica, tamén se presentou en festivais internacionais en Francia, Alemaña, Inglaterra, Italia, Países Baixos, Bélxica, Portugal, O Vaticano, Polonia, Arxentina, Chile, Uruguai, Colombia, Venezuela ou os Estados Unidos (Nova York e Washington).

Realizou numerosas gravacións, entre as que destacan “Música tradicional galega” (CBS), “Misa solemne Unus Deus e Requiem” de Melchor López (Xunta de Galicia) ou a participación na integral de Joaquín Rodrigo (EMI Classics).

O Orfeón, no seu empeño de difundir e poñer en valor a música galega, protagonizou numerosas recuperacións e estreas: *Misa ao Apóstolo Santiago*, *Te Deum*, *Magnificat* e *Misa de Requiem* (Juan Montes), *Channanea* (Joam Trillo), música dos cantorais de polifonía da Catedral de Santiago,

BIOGRAFÍAS

Stabat Mater (Buono Chiodi), *Panxoliñas e obras en latín* (José de Vaquedano), obras diversas de Santiago Tafall, Ramón Palacio, Millán Picouto, Marcos Mato ou Paulino Pereiro.

Recentemente, coa RFG e Paul Daniel, participou nas estreas absolutas de *Tempos Velados* (2016) de Abe Rábade, a ópera *A Amnesia de Clio* (2019) de Fernando Buíde e da *Misa na honra do Apóstolo Santiago* (2022) de Marco Frisina, dirixida polo propio autor, tamén coa RFG.

Luis Martínez

Director do Orfeón Terra a Nosa

Nado en Vigo, estudou Piano e Linguaxe Musical nos conservatorios de Santiago de Compostela e da súa cidade natal. É mestre especialista en Educación Musical e en Pedagogía pola Universidade e Santiago de Compostela.

Asistiu a clases de especialización e perfeccionamento en diferentes ámbitos da análise e a interpretación musical con mestres da talla de Miro Moreira, Dominique Velard, Pier Paolo Scattolin, Daniel Vega, Owen Rees, Peter Philips, Artur Carneiro, Constantin Alex, Bernd Valentin, Tu Shi Chiao, J. Carlos Rodilla, J. López Calo ou Carmen Cruz.

É fundador e director de Vox Stellae, e colaborador de numerosas agrupacións como Capela Compostelana, Capela Antiga, Capilla de Extravagantes, Grupo Siglo XX ou Hércules Brass. Desde 1996 forma parte do Orfeón Terra a Nosa e a Capela da Catedral de Santiago de Compostela.

NOTAS AO PROGRAMA

Cantamos!

Oh amigos, parade eses ásperos cantos! Cantemos outros máis agradables e cheos de ledicia. Ledicia, ledicia! Desta maneira comeza a *Oda á alegría* que Friedrich von Schiller escribiu en 1785 e que Beethoven musicaría en 1824 no último movemento da súa novena sinfonía. Esta chamada ao canto como forma de fraternidade é a base do concerto desta noite: *cantamos!*, un proxecto colaborativo entre coros de toda Galicia no que escoitaremos repertorio vocal de distintos xéneros e procedencias: a abertura da ópera *Fidelio* de Beethoven; a *Misa na honra do Apóstolo Santiago* de Juan Montes; e por último, *Merry Christmas Beethoven* de Juan Durán.

Unha abertura é a sección instrumental ca que se inicia unha ópera, un oratorio ou outro tipo de obra. No caso do xénero operístico, comezou sendo unha especie de chamada de atención para avisar ao público que o espectáculo daba comezo, pero musicalmente non tiña relación co que logo se ía escoitar (por exemplo, na considerada como primeira ópera da historia,

Orfeo (1607) de Claudio Monteverdi, empregouse unha marcha que era o himno dos Gonzaga, familia nobre que encargou e sufragou esta composición). A mediados do s.XVIII en Italia, acostumaba a chamarse *Sinfonía avanti l'opera*, e de feito sería a orixe da sinfonía como xénero orquestral nesta zona xeográfica unha vez se emancipou como obra independente. Porén, pouco a pouco a abertura foise desenvolvendo e acadando unha maior relación dramática co resto da ópera, resumindo en moitos casos algúns dos temas musicais máis destacados da mesma (pensemos en algunhas das aberturas máis coñecidas de Richard Wagner). *Fidelio en Mi M, op. 72* é a última das catro aberturas que Ludwig van Beethoven (1770-1827) compuxo para a súa única ópera (as outras titúlanse Leonora I, II e III). Existe un intenso debate musicolóxico á hora de adscribir a obra do autor de Bon a un estilo concreto, posto que se inicia no Clasicismo pero tamén se considera impulsor do Romanticismo. Tradicionalmente acostuma a dividirse a súa traxectoria en tres períodos, marcados non só por cambios estilísticos, senón

NOTAS AO PROGRAMA

tamén por algunhas das súas crises persoais motivadas polos inicios e avances da xordeira que o terminaría illando. A ópera *Fidelio* (1805) pertence ao período intermedio no que comeza a súa transición cara un novo estilo, ao igual que a maioría das súas sinfonías (dende a 3 á 8), o *Concerto para violín* ou o *Concerto núm. 5 para piano “Emperador”*. Beethoven tomou para a ópera un libreto da época revolucionaria francesa titulado *Léonore ou L’amour conjugal* con texto de J.N.Bouilly e traducido ao alemán por Joseph von Sonnleithner que conta a historia de como Leonora disfrazada de home e baixo o nome de Fidelio rescata ao seu marido Florestán que está moribundo no calabozo a punto de ser asasinado. Na ópera, Leonora aparece como unha figura idealizada e faise unha exaltación dos ideais humanistas da Revolución Francesa. A estrea produciuse o 20 de novembro de 1805 no Theater-an-der-Wien (neste caso ca abertura *Leonora II* que foi a primeira en compoñerse) e foi un auténtico fracaso económico xa que uns días antes produciuse a invasión napoleónica da cidade (o 11 de novembro entraron as tropas

e catro días despois, Napoleón fixou a súa residencia no palacio de Schönbrunn) e toda a nobreza fuxira. Beethoven fixo varias revisións da obra dando lugar a dúas versións máis en 1806 (para esta compuxo a *Leonora III* e ao ano seguinte a *Leonora I*) e 1814 respectivamente. Precisamente para esta última compuxo a abertura que hoxe escoitaremos. Escrita en *Mi M*, consta de catro partes (*Allegro-Adagio-Allegro* e *Presto*) e céntrase no personaxe de Leonora. Para algúns estudiosos o primeiro tema rítmico e enérxico representa a determinación da protagonista para salvar o seu marido, mentres que o tema melódico posterior nas cordas intenta reflectir a parte máis tenra da súa personalidade. Na actualidade esta abertura é a menos tocada como parte inicial da ópera, sendo máis frecuente escoitala de maneira separada en concerto, como neste caso.

A segunda obra do programa é a *Misa Solemne na honra do apóstolo Santiago* de Juan Montes Capón (1840-1899) arranxada polo tamén galego Joám Trillo (1942). O compositor foi unha figura vencellada á cidade de Lugo dende

os seus inicios e ao longo da súa traxectoria. Aos dez anos quedou orfo de pai e ingresou no seminario onde entrou en contacto coa música por primeira vez: aprendeu a tocar unha vella guitarra, coñeceu algúns tratados de harmonía e empezou a dirixir coros de compañeiros con pequenas composicións da súa propia autoría. Posteriormente, traballou no Círculo das Artes e no Casino de Cabaleiros como pianista. A faceta na que máis destacou foi a de director de orfeóns e bandas (foi fundador e director da Banda Municipal de Lugo entre 1876 e 1883), agrupacións para as que escribiu gran parte do seu repertorio e cas que gañaría numerosos certames. A pesar de que compuxo tamén moita música litúrxica, o máis coñecido da súa produción son, sen dúbida, as *Seis baladas gallegas*, das que forma parte a célebre “*Negra Sombra*”, convertida en todo un símbolo de identidade para os galegos. A orixe da misa que forma parte do programa de hoxe foi un concurso de composición organizado en 1897 polo Ateneo León XIII e financiado pola Catedral de Santiago para conmemorar a festividade do

25 de xullo, xa que ese era ano santo. O século XIX fora bastante convulso para as capelas musicais eclesiásticas que viran minguar o seu poder e status debido aos distintos acontecementos que se foran sucedendo: a invasión francesa e a Guerra de Independencia, as desamortizacións de Mendizábal e Madoz, as guerras carlistas... Porén, aquelas capelas máis grandes e relevantes seguían a celebrar, as ocasións especiais, como neste caso, con encargos de pezas e contratacións de músicos “extra”. A composición de Montes non foi a vencedora daquel concurso (o premio recaeu sobre *Bienvenido Socías Mercadé* ca misa *Beati Apostoli tui Jacobi, quaesumus, Domine, intercessione nos adjuva*) pero a súa calidade fixo que se creara un segundo premio que nun principio non existía e que se estreara o 30 de decembro dese mesmo ano para celebrar a cerimonia da translación dos ósos do Apóstolo Santiago. A misa do compositor lucense, como era costume dende o S.XIV, pon en música as partes do ordinario, é dicir, aqueles textos que non varían ao longo do ano litúrxico: *Kyrie*,

NOTAS AO PROGRAMA

Gloria, Credo, Sanctus, Benedictus e Agnus Dei. Tal e como sinalaba o profesor José López-Calo, esta composición de madurez presenta un estilo sobrio que se pode relacionar co movemento rexeneracionista dentro da música relixiosa coñecido como Cecilianismo: non hai alardes nin lucimentos vocais excesivos (de feito as partes solistas e *tutti* apenas se diferencian, podendo facer todo de maneira coral), a instrumentación é discreta e en moitos casos limítase a dobrar as voces, utiliza valores rítmicos moderados e todos os temas musicais son de libre invención. A pesar desta espiritualidade contida, curiosamente sete anos despois da súa estrea e trala aprobación do *Motu proprio* do Papa Pío X en 1904, esta misa foi catalogada como prohibida polo mestre de capela daquel entón na catedral, Santiago Tafall, ao non cumprir ca nova normativa sobre a música relixiosa.

Pecha o concerto *Merry Christmas Beethoven*. O 21 de decembro de 2020 estreábase esta obra do compositor galego Juan Durán Alonso (1960) a cargo da Orquestra e Coro da Comunidade de Madrid, e o pianista Eduardo Fernández

baixo a batuta de Víctor Pablo Pérez, quen encargara a obra para homenaxear a Beethoven no 250º aniversario do seu nacemento, conmemoración marcada e condicionada pola crise da COVID-19. Consiste nunha composición alegórica que mestura, tal e como indica o seu título, panxoliñas en distintos idiomas e temas do compositor, creando o que o autor define como “un *collage*, un xogo”, na liña de outras obras anteriores como *Felizcumpleañosmozart.com*. Esta curiosa combinación require dun traballo contrapuntístico sutil que axuda a unir tan diverso material nun todo coherente. Comezamos escoitando o famoso *Para Elisa* que dá paso a *Noite de Paz*, seguido da *Sonata Patética* (1º movemento) e *Jingle Bells*, despois o *Rondó do Concerto núm. 1 para piano* mesturado con *Campana sobre campana*, o *Minuetto do Septimino* (popularizado como banda sonora da serie *Érase una vez el hombre*) e *We wish you a merry Christmas*, o *Tannenbaum* e a *Sinfonía Pastoral*, para pechar de maneira colosal co tema principal da *Novena Sinfonía* en combinación con *Adeste Fideles* e *Gloria in*

excelsis Deo. Trátase dunha música alegre que busca o sorriso do público que se sente apelado en todo momento ao recoñecer os diversos temas que se van encadeando.

En síntese, tres obras de homenaxe —ás ideas da Revolución Francesa, ao Apóstolo Santiago e a Beethoven— para celebrar unha circunstancia ben especial: unha festa coral galega en tempos de Nadal. Oxalá esta idea de unión de esforzos, culturas e idiomas ao que asistimos esta noite se faga extensiva ao complexo contexto internacional no vindeiro ano e que como arelaba Schiller no mesmo poema co que se abrían estas notas ao programa: *Alegría, fermosa chispa dos deuses, filla do Elíseo! O teu feitizo volve a unir o que o mundo separara, todos os homes vólvense irmáns alí onde se pousa a túa á suave.*

CARME TUBÍO BARREIRA

**REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA**



AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026 | 981 573 979

ZONA C 981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia

@compostelacultura

FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura

TWITTER

@rfgalicia

@CCultura

PRÓXIMO CONCERTO

a bela dormente

VENRES 5 XANEIRO

Auditorio de Galicia, 21:00 h

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Inés Salvado Gontad, narradora-actriz

· Piotr Ilich Chaikovski: A bela dormente (selección)

